

Rúbrica para a autorreflexión da aprendizaxe durante o reto

| Ítem | % | 0-2 (nula) | 3-4 (negativa) | 5-6 (correcta) | 7-8 (boa) | 9-10 (excelente) |
|--|-----------|--|--|--|--|---|
| Corrección textual | 50 | Non elaborei nin entreguei o documento. | O meu documento está algo organizado pero contén algúns erros. Uso adxectivos pero con moitos erros. | Documento organizado con algúns erros, utilizo adxectivos dun xeito correcto con algúns erros. | Documento ben organizado utilizo os adxectivos correctamente con poucos erros. | Documento moi ben organizado, utilizo moi ben adxectivos variados e sen erros. |
| Presentación e deseño | 20 | Non comunico nin defendo o texto ou está totalmente desorganizado. | Comunico e defendo o texto con moitas dificultades. A presentación é pobre e ten erros graves. | Comunico e defendo o texto de forma correcta. A presentación é aceptable, só ten algúns erros. | Comunico e defendo o texto de forma clara e ben estruturada. A presentación é clara e está ben organizada. | Comunico e defendo o texto de forma moi clara e estruturada. A presentación é moi clara e organizada e non ten erros. |
| Traballo en grupo coordinación e organización | 15 | O noso equipo non estaba coordinado internamente. Non había organización. | Existiu certa coordinación interna no noso equipo. Houbo pouca organización. | O noso equipo estaba coordinado internamente. Houbo organización. | O noso equipo estaba moi coordinado internamente. Houbo boa organización. | O noso equipo estaba coordinado internamente dun xeito excepcional. Houbo moi boa organización. |
| Documentación e tarefas | 15 | Non entreguei a documentación nin tarefas. Non compartimos ben o produto final. | A miña documentación e tarefas están moi incompletas. Compartimos o produto final pero non estaba organizado. | A miña documentación e tarefas son aceptables pero faltan algunhas cousas. Compartimos o produto final e estaba organizado. | A miña documentación e tarefas están ben. Compartimos o produto de forma organizada e clara. | A miña documentación está moi ben desenvolvida. Compartimos o produto de forma exemplar, organizada e clara. |



“Rúbrica para a autorreflexión da aprendizaxe durante o reto”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)